

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI156	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 29-05-15 12:31

Número 11 .- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do suministro e implantación dunha solución de renovación dos servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de maio de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 11 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SUMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE RENOVACIÓN DOS SERVIDORES E OUTRO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta do director de área de Contratación, de data 27 de abril de 2015, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/345, da técnico de Intervención que conta co conforme da Interventora Xeral Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

***"EXPEDIENTE: Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela***

***ASUNTO: Adxudicación do contrato***

**ANTECEDENTES:**

**Primeiro:** Con data 9 de abril de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI156	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 29-05-15 12:31

presentadas é a do licitador TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA SA.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 10 de abril, require á empresa para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 27 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requerimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de contratación de 9 de abril, procede realizar a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa COREMAIN, por incumprimento dos requerimentos recollidos no apartado 9 do prego técnico, e, en concreto, por non incorporar ó equipo de traballo perfiles de instalador da solución que contén coa certificacións do fabricante en VMware e ORACLE

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA SA, por un importe de 114.743,04 euros (IVE aparte 21%: 24.096,04 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Compromete, así mesmo, un incremento dun ano sobre o prazo mínimo de catro fixado no prego como de garantía dos bens a subministrar, un tempo máximo de resolución para incidencias críticas de catro horas, oito xornadas de formación técnica do persoal municipal a maiores das dúas establecidas como mínimas e un prazo de execución do proxecto de setenta días.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI156	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 29-05-15 12:31

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 080 92001 62600."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa COREMAIN, por incumprimento dos requerimentos recollidos no apartado 9 do prego técnico, e, en concreto, por non incorporar ó equipo de traballo perfíles de instalador da solución que contén coa certificacións do fabricante en VMware e ORACLE.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA SA, por un importe de 114.743,04 euros (IVE aparte 21%: 24.096,04 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Compromete, así mesmo, un incremento dun ano sobre o prazo mínimo de catro fixado no prego como de garantía dos bens a subministrar, un tempo máximo de resolución para incidencias críticas de catro horas, oito xornadas de formación técnica do persoal municipal a maiores das dúas establecidas como mínimas e un prazo de execución do proxecto de setenta días.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 080 92001 62600.

**O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Manuel Martínez Varela**

